



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 • 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 • Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es • www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 27 DE AGOSTO DE 2011.

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D. JOSÉ MANUEL CORRAL BELLAS

D.^a MARINA BOUZA COUCE

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D.^a OLGA MARÍA BLANCO TEIJEIRO

D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ

D. FERNANDO VILAR DÍAZ

D. JUAN PUENTES CALVO

SECRETARIO:

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte e sete de agosto de dous mil once baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnense os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebrar a sesión ordinaria convocada para o día de hoxe.

Disculpa a asistencia o concelleiro D. Marcos Rodríguez Calvo.

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 20/07/2011. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte de xullo de dous mil once.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2.- MODIFICACIÓN NA RPT DO ORZAMENTO 2011. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente de que cumprindo o acordo da xunta de voceiros celebrada o día 11/08/2011, instruíuse expediente para modificar a relación de postos de traballo correspondente ó orzamento 2011, ós efectos de proceder á consolidación de emprego de dous postos de traballo correspondentes a prazas de auxiliares de axuda no fogar e un posto de traballo correspondente a unha praza de operario de servizos múltiples coa categoría de oficial de 2ª que viñan desempregándose de xeito temporal e con carácter ininterrumpido dende antes do 1 de xaneiro de 2005, tendo o carácter de emprego estrutural para o concello.

A Comisión informativa de asuntos do pleno na súa sesión celebrada o día 23/08/2011, por unanimidade dos seus membros informou favorablemente o presente asunto.

Visto o anterior e sen producirse debate, o pleno da corporación por unanimidade dos Sres. /Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión, adoptou o seguinte acordo:

1º. Modificar a relación de postos de traballo no orzamento 2011 incluíndo como prazas e postos de traballo en réxime de persoal laboral fixo os seguintes:

- auxiliar de axuda no fogar (2 postos de traballo), retribucións ano 2011: 5.380,32€ / posto. (Período agosto - decembro).
- operario de servizos múltiples - oficial de 2ª (1 posto de traballo), retribucións ano 2011: 7.196,32€. (Período agosto - decembro).

2º. Someter a información pública polo prazo de 15 días a modificación da relación de postos de traballo correspondente ao orzamento 2011 mediante anuncio a publicar no Boletín oficial da provincia, aos efectos de exame e reclamacións.

3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 3/2011. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ao pleno da corporación de que a Comisión Informativa de asuntos do Pleno realizada o día vinte e tres de agosto de dous mil once, informou favorablemente o expediente de modificación de créditos núm. 3/2011, por importe de 38.994,34 € que contempla suplementos

de créditos nas partidas 2011.2.13 por importe de 10760,64€ 2011.3.13 por importe de 7.196,32€ e a partida 2011.2.16 por importe de 5874,95€, todo isto correspondente á modificación da relación de postos de traballo no orzamento 2011 que contempla a dotación económica (período agosto - decembro 2011) de dous postos de traballo correspondente á praza de auxiliar de axuda no fogar e un posto de traballo correspondente á praza de operario de servizos múltiples - oficial de 2ª, aos efectos de poder realizar a correspondente OPE relativa á anualidade 2011 por mor do proceso de consolidación de emprego temporal.

Supleméntase así mesmo a partida 2011.9.12 por importe de 162,43 € para facer fronte ao recoñecemento do 5º trienio da Traballadora social do concello.

Do mesmo xeito supleméntanse as partidas 2011.9.68 por importe de 5000€ para dotación de mobiliario do Salón de Plenos e da partida 2011.9.21 por importe de 10 000 € para obras de acondicionamento no salón de plenos do Concello.

Visto o anterior e non producíndose debate, o pleno do Concello, por unanimidade dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos 3/2011, debendo aplicarse os suplementos de crédito de acordo co seguinte cadro:

CAPITULO	Consignac. Inicial	Financiación Remanente Líquido de Tesourería	Suplementos de crédito	Total Consig. resultante
I.- Gastos de Persoal	345.407,26€	23.994,34€		369.401,60€
II.- Gastos en Bens correntes	645.264,79€	10.000,00€		655.264,79€
III.- Gtos financieros	2.700,00€			2.700,00€
IV.- Transf. Correntes	26.000,00€			26.000,00€
VI.- Investimentos Reais	350.163,79€	5.000,00€		355.163,79€

VII Transf. de capital	0,00€			0,00€
VIII Activos financeiros	0,00€			0,00€
IX Pasivos financeiros	15.284,22€			15.284,22€
TOTAL	1.384.820,06€	38.994,34€		1.423.814,40€

2º. Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín oficial da provincia e taboleiro de anuncios do concello, polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva de anuncio no BOP.

4.- CERTIFICACIÓN Nº 2 DA OBRA DENOMINADA AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA A VILARÓN - OS PICOS - O PAZO E GUNXEL, INCLUÍDA NO PCC - 2011. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente de que a Comisión Informativa de asuntos do pleno celebrada o día 23/08/2011 informou favorablemente a aprobación da certificación nº 2 da obra denominada " Ampliación da rede municipal de abastecemento de auga a Vilarón - Os Picos - O Pazo e Gunxel" incluída no PCC 2011, e que ascende á cantidade de 28 354,80 €, ive engadido, restan por executar 68.400,30€.

Visto o anterior, sen producirse debate, o pleno da corporación, por unanimidade dos Sres /Sras Concelleiros /as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar a certificación núm. 2 da obra denominada "Ampliación da rede municipal de abastecemento de auga a Vilarón - Os Picos - O Pazo e Gunxel", incluída no PCC 2011, e que ascende á cantidade de 28.354,80€ ive engadido.

2º. Remitir ao servizo de Xestión de Planes, Planes Provinciais da Deputación Provincial da Coruña aos efectos oportunos.

5.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. DAR CONTA.

Dase conta dos decretos e resolucíons da alcaldía dende 12.06.2011 ata 19.08.2011

Xuño

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 13-6-2011 de aprobación de gastos

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 13-6-2011 de aprobación de pagos

Persoal: Resolución da alcaldía do 13-6-2011 de aprobación das bases de selección para a contratación laboral dun condutor

Persoal: Resolución da alcaldía do 14-6-2011 de aprobación das bases de selección para a contratación de 3 peóns

Padrón Municipal de Habitantes: Resolución do 15-6-2011 de alta no número 20 das Neves de José Luis Paz Seco, Clara Isabel Paz Vilar, Xosé Lois Paz Paz e Angela Paz Paz

Contratación: Resolución da alcaldía do 16-6-2011 de aprobación das certificacións un e dous da obra “Ampliación da rede de abastecemento municipal de auga potable en As Neves” (POS 2011)

Cultura: Resolución da alcaldía do 17-6-2011 de aprobación das bases para o concurso de carteis da XXIII Festa do Requeixo

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 17-6-2011 de aprobación de gastos

Padrón Municipal de Habitantes: Resolución da alcaldía do 20-6-2011 de alta no Poboado nº 24-B de Pablo García Allegue

Persoal: Resolución da alcaldía do 20-6-2011 de concesión dun día de asuntos propios a M.^a América Uceira Criado

Persoal: Resolución da alcaldía do 20-6-2011 de concesión dun día de asuntos propios a José Antonio Meizoso Paz

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 20-6-2011 de aprobación de gastos

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 20-6-2011 de aprobación de pagos

Persoal: Resolución da alcaldía do 20-6-2011 de concesión de dous días de asuntos propios a Josefina Fernández Ferreira

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 22-6-2011 de aprobación de gastos

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 22-6-2011 de aprobación de pagos

Servizos: Resolución da alcaldía do 23-6-2011 de aceptación da oferta de telefonía da empresa Montajes As Pontes-Vodafone

Servizos Sociais: Resolución da alcaldía do 23-6-2011 de concesión de tarxeta de estacionamento a D.^a Angela López Méndez

Servizos: Resolución da alcaldía do día 25-6-2011 de aceptación do orzamento presentado por Sedega, S. L. para os campamentos de verán

Persoal: Resolución da alcaldía do 27-6-2011 de concesión das vacacións do exercicio 2011 ao funcionario José Antonio Meizoso Paz

Persoal: Resolución da alcaldía do 27-6-2011 de concesión das vacacións do exercicio 2011 á funcionaria Josefina Fernández Ferreira

Persoal: Resolución da alcaldía do 27-6-2011 de concesión das vacacións do exercicio 2011 á funcionaria M.^a América Uceira Criado

Persoal: Resolución da alcaldía do 27-6-2011 de concesión das vacacións do exercicio 2011 á funcionaria Olga Galdo López

Persoal: Resolución da alcaldía do 27-6-2011 de concesión das vacacións do exercicio 2011 ao funcionario Jesús Franco Rodríguez

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 27-6-201 de aprobación de gastos

Xullo

Contabilidade: Drecreto da alcaldía do 1-7-2011 de aprobación de gastos

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 1-7-2011 de aprobación de pagos

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 4-7-2011 de aprobación de gastos

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 4-7-2011 de aprobación de pagos

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 5-7-2011 de aprobación de gastos

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 5-7-2011 de aprobación de pagos

Servizos: Resolución da alcaldía do 5-7-2011 de aprobación da solicitude de acometida á rede de abastecemento municipal de auga presentada por Gas Natural SUR SDG, S.A.

Servizos: Resolución da alcaldía do 5-7-2011 de aceptación do orzamento complementario presentado pola empresa Sedega, S.L. para os campamentos de verán

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 6-7-2011 de aprobación de gastos

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 7-7-2011 de aprobación de gastos

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 7-7-2011 de aprobación de pagos

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 8-7-2011 de aprobación de gastos

Persoal: Resolución da alcaldía do 8-7-2011 de concesión das vacacións do exercicio 2011 á traballadora Cristina Rodríguez Sanmartín

Persoal: Resolución da alcaldía do 8-7-2011 de concesión das vacacións do exercicio 2011 á traballadora M.^a Celia Couce Moreira

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 11-7-2011 de aprobación de gastos

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 13-7-2011 de aprobación de gastos

Réxime Interno: Resolución da alcaldía do 13-7-2011 de delegación no concelleiro Marcos Rodríguez Calvo da atribución para autorización de matrimonio civil

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 14-7-2011 de aprobación de pagos

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 18-7-2011 de aprobación de gastos

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 18-7-2011 de aprobación de pagos

Contratación: Resolución da alcaldía do 18-7-2011 para a adquisición dun ordenador

Padrón Municipal de Habitantes: Resolución da alcaldía do 19-7-2011 de alta de Iván Blanco Ardao no nº 1 do lugar da Barbela

Padrón Municipal de Habitantes: Resolución da alcaldía do 19-7-2011 de alta de Noemí Patiño Fernández no nº 1 do lugar da Barbela

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 19-7-2011 de aprobación de gastos

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 19-7-2011 de aprobación de pagos

Urbanismo: Resolución da alcaldía do 19-7-2011 de orden de retirada de plantación forestal no lugar da Bouza

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 20-7-2011 de aprobación de pagos

Cultura: Resolución da alcaldía do 20-7-2011 de adquisición das pezas de cerámica conmemorativas da XXIII Festa do Requeixo

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 22-7-2011 de aprobación de gastos

Subvencións: Resolución da alcaldía do 22-7-2011 de concesión de axuda económica para a celebración das festas de Santiago

Cultura: Resolución da alcaldía do 26-7-2011 para o alugueiro do escenario para a XXIII Festa do Requeixo

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 26-7-2011 de aprobación de gastos

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 26-7-2011 de aprobación de pagos

Urbanismo: Resolución da alcaldía do 27-6-2011 de concesión de licenza urbanística a Manuel Rodríguez Galdo

Urbanismo: Resolución da alcaldía do 27-6-2011 de concesión de licenza urbanística a Manuel López Alonso

Urbanismo: Resolución da alcaldía do 27-6-2011 de concesión de licenza urbanística a M^a Pilar Rodríguez Calvo

Urbanismo: Resolución da alcaldía do 27-6-2011 de concesión de licenza urbanística a Elma M.^a Piñón Piñeiro

Urbanismo: Resolución da alcaldía do 27-6-2011 de concesión de licenza urbanística a Juan Meizoso Sanmartín

Urbanismo: Resolución da alcaldía do 27-6-2011 de concesión de licenza urbanística a Xoan Puentes Calvo

Urbanismo: Resolución da alcaldía do 27-6-2011 de concesión de licenza urbanística a M^a Carmen Fernández García

Urbanismo: Resolución da alcaldía do 27-6-2011 de concesión de licenza urbanística a Francisco Hurtado Amador

Urbanismo: Resolución da alcaldía do 27-6-2011 de concesión de licenza urbanística a José Antonio Pena Navieras

Urbanismo: Resolución da alcaldía do 27-6-2011 de concesión de licenza urbanística a José Arnoso Graña

Urbanismo: Resolución da alcaldía do 28-7-2011 de revocación da dictada o 19-7-2011 ordenando a retirada de plantación forestal no lugar da Bouza

Réxime Interno: Resolución da alcaldía do 29-7-2011 de nomeamento de tesoureira accidental a Olga Galdo López por vacacións do titular

Contabilidade: Resolución da alcaldía do 29-7-2011 de devolución da fianza definitiva solicitada por Aluminios Pipor, S. L.

Contabilidade: Resolución da alcaldía do 29-7-2011 de devolución da fianza definitiva solicitada por Limpergal, S. L.

Agosto

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 1-8-2011 de aprobación de gastos

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 2-8-2011 de aprobación de gastos

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 2-8-2011 de aprobación de gastos

Medio Ambiente: Resolución da alcaldía do 2-8-2011 de autorización de acampada para pernoctar a noite do 5 de agosto de 2011 nos Picos

Medio Ambiente: Resolución da alcaldía do 2-8-2011 de autorización de acampada para pernoctar a noite do 6 de agosto de 2011 nos Picos

Medio Ambiente: Resolución da alcaldía do 2-8-2011 de autorización de lanzamento de fotos de artificio durante a celebración das festas das Neves

Medio Ambiente: Resolución da alcaldía do 2-8-2011 de autorización de acampada para pernoctar a noite do 15 de agosto de 2011 na Igrexa (Cabalar)

Medio Ambiente: Resolución da alcaldía do 2-8-2011 de autorización de acampada para pernoctar a noite do 16 de agosto de 2011 na Igrexa (Cabalar)

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 3-8-2011 de aprobación de pagos

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 4-8-2011 de aprobación de pagos

Servizos: Resolución da alcaldía do 4-8-2011 de contratación do servizo de seguridade para a XXIII Festa do Requeixo

Persoal: Resolución da alcaldía do 4-8-2011 de concesión das vacacións do exercicio 2011 á traballadora Elsa Gómez López

Urbanismo: Resolución da alcaldía do 4-8-2011 de autorización para a transmisión da licenza de apertura de M^a Josefa Adega Moreira a Ana M.^a Paz Redondo

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 8-8-2011 de aprobación de gastos

Contratación: Resolución da alcaldía do 8-8-2011 de contratación da subministración de equipamento para a biblioteca municipal

Servizos: Resolución da alcaldía do 8-8-2011 de contratación do servizo de limpeza para a biblioteca municipal

Padrón Municipal de Habitantes: Resolución da alcaldía do 9-8-2011 de alta de José M^a Duque Foronda no nº 47-B do lugar das Neves

Subvencións: Resolución da alcaldía do 9-8-2011 de concesión de axuda económica para a celebración das festas das Neves

Subvencións: Resolución da alcaldía do 9-8-2011 de concesión de axuda económica para a celebración das festas de Cabalar

Servizos: Resolución da alcaldía do 10-8-2011 de aprobación do prezo de venda das pezas conmemorativas da XXIII Festa do Requeixo

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 10-8-2011 de aprobación de pagos

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 11-8-2011 de aprobación de pagos

Contabilidade: Resolución da alcaldía do 11-8-2011 de aprobación da devolución de fianza a San Martín, S.A.

Padrón Municipal de Habitantes: Resolución da alcaldía do 14-8-2011 de aprobación de cambio de domicilio de Jesús Vilar Díaz

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 17-8-2011 de aprobación de gastos

Urbanismo: Resolución da alcaldía do 17-8-2011 de corrección de erros na licenza outorgada a Natalia Fernández Fontela

Servizos: Resolución da alcaldía do 18-8-2011 de aprobación da solicitude de entronque formulada por José Porta Yáñez

Servizos: Resolución da alcaldía do 18-8-2011 de aprobación da solicitude de entronque formulada por José Gabeiras Pena

Servizos: Resolución da alcaldía do 18-8-2011 de aprobación da solicitude de entronque formulada por Sonia M^a Gato Barro

Servizos: Resolución da alcaldía do 18-8-2011 de aprobación da solicitude de entronque formulada por M^a Luz Bouza Campos

Servizos: Resolución da alcaldía do 18-8-2011 de aprobación da solicitude de entronque formulada por Guillermo Paz López

Servizos: Resolución da alcaldía do 18-8-2011 de aprobación da solicitude de entronque formulada por José Anca Calvo

Servizos: Resolución da alcaldía do 18-8-2011 de aprobación da solicitude de entronque formulada por Lorenzo Díaz Rodríguez

Servizos: Resolución da alcaldía do 18-8-2011 de aprobación da solicitude de entronque formulada por Celina Puentes Permuy

Servizos: Resolución da alcaldía do 18-8-2011 de aprobación da solicitude de entronque formulada por Manuel Anca Díaz

Servizos: Resolución da alcaldía do 18-8-2011 de aprobación da solicitude de entronque formulada por M^a Carmen Sardiña Piñeiro (As Neves)

Servizos: Resolución da alcaldía do 18-8-2011 de aprobación da solicitude de entronque formulada por M^a Carmen Sardiña Piñeiro (Vilarón)

Servizos: Resolución da alcaldía do 18-8-2011 de aprobación da solicitude de entronque formulada por M^a Soledad Fernández Adegá

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 19-8-2011 de aprobación de gastos

Contabilidade: Decreto da alcaldía do 19-8-2011 de aprobación de pagos

O Pleno queda enterado.

6.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Dase conta da moción (NRE 776) presentada polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, que copiada literalmente di:

"D. José Seco Fernández con DNI núm. 32 624 246 B, voceiro do Partido Popular nesta corporación e ao amparo do previsto no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais

EXPÓN:

1º. O artigo 26 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local di:

Artículo 26.

1. Los Municipios por sí o asociados deberán prestar, en todo caso, los servicios siguientes:

a. En todos los Municipios: alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, **alcantarillado**, acceso a los núcleos de población, pavimentación de las vías públicas y control de alimentos y bebidas

2º. O PP de A Capela, na pasada campaña electoral, como todos os partidos, que se presentaron no noso concello, fixo un percorrido polas casas explicándolles o noso programa aos veciños. Falando cun deles no lugar dos Calzados, este observou a necesidade dunha rede de alcantarillado na zona. Resultándolle extraño que en ningún programa electoral recollía esta proposta, dada a necesidade.

3º. O Grupo Municipal do PP de A Capela quere transmitir ao Pleno da Corporación a necesidade da acometida desta obra. Actualmente xa están en funcionamento:

- ♦ Fábrica de piensos
- ♦ Tenda agraria
- ♦ Pavillón polideportivo
- ♦ Oficinas administrativas da Cooperativa
- ♦ Salón de actos con capacidade para 200 persoas
- ♦ Elaboración de requeixo e queixo
- ♦ Campo de fútbol
- ♦ Supermercado

E no PXOM, está recollida unha zona catalogada como solo urbanizable de uso industrial. En base a estos argumentos e a proposta dun veciño o PP de A Capela, PROPÓN ao Pleno Ordinario do 27/08/2011, a seguinte **MOCIÓN**:

Dotar do orzamento necesario para acometer esta iniciativa de rede de alcantarillado e depuradora na Zona dos Calzados, integrando os lugares do Campo e Os Calzados.

No caso que este ano 2011, non sexa posible dotar de presuposto esta obra, establecer un compromiso para que figure nos orzamentos 2012, como obra prioritaria."

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández explícase que a moción é moi sinxela e que o que se trata é de conxugar por unha parte a obrigatoriedade que ten o concello da prestación dos servizos públicos e a necesidade neste caso de instalar a rede de sumidoiro no lugar dos Calzados, xa que son moitos os equipamentos que se concentran nesa zona e no PXOM da Capela, tamén se recolle a zona como solo urbanizable; sinala que a moción é moi flexible xa que se dan as opcións de que se empece a facer algo neste ano 2011 ou ben que se orzamente ou presuposte para o exercicio 2012.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente para manifestar que coincide co voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular no sentido de que se trata dunha obra prioritaria, pero que debe de encargarse primeiro un estudo económico e despois tentar de buscar en Augas de Galicia a financiación axeitada, ademáis á marxe dos Calzados debería incluírse toda a zona de influencia (Os Vilariños, Porcar etc.).

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, dise que a rede de sumidoiro é máis prioritaria aínda que a rede de abastecemento de auga e que aquí nas Neves aínda hai zonas nas que hai falla da rede de sumidoiro. Dí

que non se pode facer un compromiso tal e como está plantexada a moción, xa que primeiro hai que ter o financiamento para facer a obra.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, dise que a moción no seu plantexamento literal é correcta, pero imposible de cumprir, xa que o Concello non dispón dos fondos necesarios para facer fronte a unha obra coma esa, polo que debe buscar financiación allea. Sinala así mesmo que é máis prioritario o arranxo da depuradora de Sande, que está peticiónada a augas de Galicia xa hai ben tempo.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, reitérase que a moción é flexible e que só se pide que se inicien os traballos ben en 2011 ou 2012, e que se poden facer en distintas fases.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, reitérase ter claro que o concello non pode comprometerse a esa obra orzamentariamente no exercicio 2012; do mesmo xeito maniféstase o voceiro do Grupo Municipal AIAC, no sentido de que non se pode votar un compromiso para o orzamento do exercicio 2012.

Remata a rolda de intervencións o Sr. Alcalde-Presidente expresando que sen axuda económica por parte doutras administracións a obra non se podería facer, e polo tanto non se pode acadar un compromiso para incluíla no orzamento do exercicio 2012.

Por acordo de todos os grupos enméndase a moción que na súa parte resolutiva queda redactada do seguinte xeito :

"Encargar un estudo económico de custos e intentar acadar a financiación para a súa realización" .

O pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sras Concelleiros/as asistentes á sesión aproba a moción enmendada presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

Dase conta das moción (NRE 793) presentada polo voceiro do Bloque Nacionalista Galego, D. Juan Puentes Calvo, que copiada literalmente di:

PRIMEIRA.

"O 23 de marzo de 2010 o Parlamento galego aprobou a Lei de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Esta lei permite a inclusión de núcleos rurais que quedaron excluídos do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello, mediante Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes aprobado con data 18 de maio de 2006, e para dar cumprimento ao establecido nos artigos 92.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e 70.2 da lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.

O BNG considera que todos estes núcleos que quedaron excluídos do PXOM, por agravio comparativo, e tendo en conta o exposto anteriormente, deben de estar incluídos no PXOM aproveitando a modificación da citada lei.

O número de núcleos excluídos segundo datos consultados ascende a 23, entre os cales se atopan exemplos como : O Bidueiro, A Braña, A Xesteira, Guillurfe, A Abilleira, Os Chaos, Campos Verdes, Cruz Da Moa, O Pereiro, Os Picos, A Serra, etc.

O BNG propón ao Pleno do Concello da Capela:

Realizar unha modificación puntual do PXOM que permita a inclusión de todos os núcleos do noso concello que neste momento estean excluídos do mesmo adaptándose á modificación da citada lei."

Explícase polo voceiro do Grupo Municipal Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo que cando se redactou o PXOM quedaron excluídos a lo menos 23 núcleos, xa que daquela a Lei do Solo non o permitía, pero dende a modificación da nova Lei é posible meter estes núcleos cunha área de expansión de 50 m. polo cal se pide facer unha modificación puntual do PXOM nos que se inclúan estes núcleos de poboación.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente para manifestar que de acordo cos datos coñecidos é intención do goberno galego aprobar unha nova lei que entraría en vigor o ano que ven, e o que se debería de facer é unha reforma integral e conxunta do PXOM da Capela.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, dise que A Capela ten que cambiar o PXOM, xa que no seu momento foi feito para favorecer a uns poucos e polo tanto o seu grupo está de acordo coa moción.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que a reforma do PXOM da Capela figuraba no primeiro punto do programa electoral do seu partido e móstrase sorprendido polo cambio de

postura do voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, xa que cando estaba no equipo de goberno ten votado en contra de propostas semellantes presentadas polo Partido Popular, polo tanto débese ser serios e consecuentes, esta postura do concelleiro do Grupo Mixto - BNG, seméllalle ao gregorio da obra metamorfosis de Kafka.

Resposta polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo que el defende o PXOM que no seu día axudou a aprobar, pero que hai cousas que hai que cambiar e que entre as mesmas está a posibilidade de incluír como núcleos aquelas entidades que no seu día a norma urbanística non permitía.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC reiterase de novo que o PXOM da Capela hai que cambialo e que se debe corrixir o dano que se fixo a moitos veciños.

Remata a rolda de intervencións o Sr. Alcalde-Presidente manifestando que neste asunto que o que habería que facer é constituir unha mesa de traballo co técnico municipal para unha reforma máis integral que puntual.

Sometido o asunto a votación rexístrase un empate de votos (4 votos a favor da aprobación da moción dos Sres. /Sra. concelleiros /a dos Grupos Municipais do Partido Popular, AIAC e Mixto - BNG e 4 votos en contra dos Sres./Sra. concelleiros /a do Grupo Municipal do PS de G- PSOE).

Practicada unha nova votación persiste o empate resolvendo o voto de calidade do Sr. Alcalde-Presidente, resolvendo o voto de calidade do Sr. Alcalde-Presidente quedando rexeitada a moción presentada polo Grupo Mixto - BNG.

SEGUNDA.

Dase conta da moción (NRE 794) presentada polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, que copiada literalmente di:

"O BNG de A Capela dende fai 12 anos leva no seu programa electoral a proposta da recuperación dun tramo do camiño real que vai dende a Curbeira ós Inxertados.

Esta petición está respaldada e apoiada por numerosos veciños e entidades como a cooperativa Campo Capela e A.V.V. Monte Forgoselo que xa en

decembro de 2005 solicitaron ó Concello a recuperación do citado camiño (axúntase copia)

O BNG, con data do 25 de marzo do 2011 e con número de rexistro de entrada 224, presentou unha moción a este Pleno que foi rexeitada cos votos en contra do PSOE e PP e co apoio do grupo político TEGA (axúntase copia).

Despois de manter diversas xuntas cos veciños e seguir mostrando o seu interés na recuperación do citado camiño:

Propoñémoslle ao Pleno do Concello de A Capela que inicie os trámites para que o camiño sexa de titularidade municipal e a realización das obras para a "Recuperación do camiño no tramo A Curbeira - Os Inxertados e reparación do firme existente nos dous camiños de acceso ó anterior".

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo dise que o que se trata é de recuperar un tramo de camiño real, xa que o concello xa tivo unha actuación na mesma zona é de feito fíxose un tramo detrás da Palma, así que o que se solicita é que se inicien os trámites para que pase a titularidade municipal e se poida arranxar ese trámite de camiño.

Polo Sr. Alcalde-Presidente e pola Concelleira do Grupo Municipal do P S de G- PSOE , D^a Marina Bouza Couce , dise ter serias dúbidas sobre a posibilidade de que os veciños queiran que se faga o camiño, pero manifestan que se convocará aos veciños ó efecto.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que polas noticias que ten o camiño os veciños van querelo, pero manifesta non estar de acordo coa redacción da moción, xa que non ten nada que ver co que se pretende.

Polo voceiro do Grupo de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, dise que o seu grupo móstrase a favor da moción presentada polo Grupo Mixto - BNG.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sras. Concelleiros /as asistentes á sesión aproba a moción presentada polo Grupo Mixto - BNG.

TERCEIRA.

Dase conta da moción (NRE795) presentada polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, que copiada literalmente di:

"En outubro de 2009 o Concello de A Capela firmou un contrato para a rehabilitación da escola de Guitiriz ca empresa Construeume por un importe de 82.910€.

Con data 31 de maio de 2011 e número de rexistro de entrada 459 o BNG presentou un escrito dirixido ó Sr. Alcalde e membros do equipo de goberno (acompañase copia) solicitando se convocara unha comisión de goberno para a resolución da situación contractual da citada obra.

Da citada petición, non recibimos resposta algunha.

Mantidas varias conversas co Sr. Alcalde e outros membros da corporación e haber acordado que se lle ía rescindir o contrato de non executar obra no período acordado, e dado que a situación da obra segue o mesmo punto, é dicir parada, o BNG cree que debemos tomar unha resolución definitiva.

Visto o exposto:

Propoñemos ó Pleno do concello a súa aprobación para rescindir o contrato á empresa Construeume e proceder á contratación dunha nova empresa para a execución da obra."

Dase conta polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, que o texto da moción pide sinxelamente que se rescinda o contrato da obra á empresa Construeume S.L. adxudicataria no seu día das obras de Rehabilitación da escola de Guitiriz, xa que pasa o tempo e as obras non avanza.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que dende a toma de posesión ten falado varias veces co responsable da empresa para que rematen as obras pero o certo é que sen resultado ningún.

Pola Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, D^a Olga Blanco Teijeiro pregúntase si existe a certeza agora de que a empresa non vai rematar as obras, xa que na moción dise textualmente que nin a empresa ten intención nin liquidez.

Respóndaselle polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo que é sabido que é de dominio público que a empresa atópase con moitas dificultades económicas e que incluso as certificacións de obra están embargadas por facenda.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, dise que o seu grupo sempre protestou e estivo en contra polos traballos que ten feito esa empresa no concello da Capela.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión aproba a moción presentada polo Grupo Mixto - BNG.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto - BNG, dase lectura aos seguintes rogos

ROGOS

- Convocar unha Xunta de Voceiros, onde se nos dea conta das xestións que se realizaron nas mocións aprobadas en sesión plenaria das cales non se nos deu ningunha ningunha información, como é o caso de:

1. Expropiación Paso do Forgoselo (San Boulo)

2. Xestión de Caaveiro.

3. Comunicado ós veciños sobre a Lei de Protección de Núcleos.

- Convocatoria dunha comisión para realizar un estudio referente á normativa e as taxas da Traída Municipal de augas.

Polo Alcalde-Presidente dise que se irán tratanto en futuras xuntas de voceiros.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, formúlase "in voce" os seguintes rogos:

1º. Que se dote de iluminación pública a Igrexa do Pazo.

2º. Que se arranxen as acumulacións de auga que se producen na estrada que vai dende Toñita a Mourente.

PREGUNTAS:

- En qué situación se encontra a modificación puntual do PXOM referente ós urbanizables de As Neves, A Serra, Mourente e As Covachas?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que o arquitecto municipal está de vacacións e que na vindeira semana se poderá dar unha resposta.

- Por qué non se fai efectivo o pago por produtividade ós traballadores que o teñen pendente de cobro?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que foi unha gratificación que deu o anterior Alcalde-Presidente, nada de produtividade e que polo tanto foi un tema da súa responsabilidade naquel intre.

- Que ten pensado facer o equipo de goberno no referente ó conserxe do colexio?

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que na vindeira semana o equipo de goberno tomará unha decisión ó efecto.

- Si o Concello realiza actividades cando se xuntan un mínimo de dez persoas, por qué se suspenderon as que se realizaban na piscina no mes de agosto?

Resposta o Concelleiro de Cultura, D. José Manuel Corral Bellas que non hai ningunha norma que marque o número mínimo de participantes nas actividades polo que se fixo un sondeo entre os pais e considerouse que ía haber pouca participación, polo que se optou por suspender as actividades.

- A traballadora do museo remata o contrato o 31 de agosto. O concello vai prorrogar o convenio co Padroado do Museo etnográfico?


Resposta o Concelleiro de Cultura, D. José Manuel Corral Bellas, no sentido de que non se ten pensado prorrogar o mencionado convenio, xa que ao museo outorgousélle subvención con cargo ao plan de cooperación para o exercicio 2011.

- Por qué se convoca unha Xunta urxente para os posibles usuarios da ampliación da traída municipal de augas a realizar a conexión á mesma antes de tapar a tubaría e logo se fai o contrario?

Respótaselle polo Concelleiro de Obras, D. Jaime Barcia Rodríguez, que efectivamente fíxose a xuntanza coa mellor intención de coordinar os traballos de empresa coas solicitudes de enganche dos particulares, pero polo visto non se conquiriu nalgúns casos esa coordinación.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as once horas trinta e cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,



Manuel Meizoso López

O Secretario,



José A. Meizoso Paz